

# **PLAN ANUAL DE LECTURA**



**C.E.I.P. PLURILINGÜE  
DE CASTRELO  
Curso 2022/2023**



## ÍNDICE

<b>1- OBXECTIVOS. FUNDAMENTACIÓN.....</b>	<b>3</b>
<b>2- ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA.....</b>	<b>8</b>
<b>3- LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS .....</b>	<b>9</b>
<b>4- SECCIONES .....</b>	<b>16</b>
<b>5- RUTINAS DE LECTURA.....</b>	<b>17</b>
<b>6- RECURSOS HUMANOS.....</b>	<b>18</b>
<b>7- ITINERARIOS LECTORES .....</b>	<b>19</b>
<b>8- ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORALIZADAS .....</b>	<b>22</b>
<b>En relación coa xestión da biblioteca: .....</b>	<b>22</b>
<b>En relación co fomento do hábito lector: .....</b>	<b>23</b>
<b>En relación coa organización .....</b>	<b>25</b>
<b>9- LER EN FAMILIA. ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS.....</b>	<b>33</b>
<b>10- SEGUIMENTO E AVALIACIÓN .....</b>	<b>33</b>



## 1- OBXECTIVOS. FUNDAMENTACIÓN

O Plan Anual de lectura constitúe o conxunto de accións que se pretenden realizar para o desenvolvemento do Proxecto Lector que foi renovado no centro no ano 2020. Este Plan está encamiñado a mellorar as competencias básicas de lectura e escritura do noso alumnado en todas as áreas do currículo.

O fomento do hábito lector, a adquisición de estratexias de busca, selección, uso e producción de información en diferentes soportes son imprescindibles para conseguir as competencias básicas, en especial a competencia lingüística, o tratamento da información e competencia dixital, a competencia cultural e artística e a competencia de aprender a aprender.

É fundamental, polo tanto, que este Plan forme parte da Programación Xeral Anual deste curso e se atope presente nas Programacións didácticas de cada aula.

É preciso en primeiro lugar concretar a situación actual do centro tendo en conta os espazos, agrupamentos, horarios...e, por outra banda, o contexto no que nos atopamos (os programas nos que está inmerso o centro, así como as necesidades coas que nos enfrentamos no día a día).

O presente Plan recolle as Instruccións de comezo de curso, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación educativa en relación coa organización e funcionamento das Bibliotecas Escolares durante o curso 2022/2023, que estarán presentes á hora de deseñar propostas para seguir ofrecendo unha educación de calidade sin renunciar a unha biblioteca atractiva que siga tendo moitas posibilidades para o alumnado e constitúa un axente igualdador para este.

No que se refire ao contexto de partida, débese nomear os **programas** nos que está inmerso o centro na actualidade, que son os seguintes:

- Proxecto Abalar
- Edixgal
- Plurilingüismo (Plurinfantil/ Edulingüe)
- Plan Proxecta (Proxecto de Vida Activa e Deportiva)



- Contratos Programa
- Voz Natura
- Plambe
- Radio na biblio
- Biblioteca creativa
- Polos creativos.

Terase en conta ademáas, unha vez analizada a realidade do centro, as **necesidades** coas que se detectan e que son susceptibles de mellora:

- En canto ao espazo físico e materiais:
- Definir os diferentes espazos e materiais de cada un deles para ampliar a oferta de actividades a realizar na biblioteca se se pretende que ésta sexa un centro creativo de aprendizaxes (espazo de xogo manipulativo, espazo de xogo de lego, recanto maker, audioteca, recanto de títeres) e mellorar o espazo da radio para poder insonorizalo evitando así a entrada do ruído do corredor e outros espazos anexos.
  - Ampliar a oferta de libros de carácter informativo e libros con letra maiúscula para primeiros lectores, así como materiais adecuados á diversidade (libros con pictogramas, audiocontos...)
  - Bibliografía en galego que sexa atractiva para o alumnado
  - Dotar as bibliotecas de aula de material variado que conteña as diferentes tipoloxías de texto.
  - Continuar na mellora da disposición dos libros para permitir o acceso a eles de xeito doado tanto por parte do profesorado como do alumnado.
- En canto a necesidades de tipo organizativo:
- Formación do alumnado nas actividades de mantemento, orde e localización dos libros.
  - Crear un grupo de colaboradores con alumnado de 5ºEP e 6ºEP que axuden no tempo do recreo.



- Promover actividades para dinamizar a biblioteca no horario non lectivo (ofertar obradoiros de tipoloxía variada que sexan motivadores para o noso alumnado).
- Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión lectora, expresión escrita, expresión oral e busca de información.
- Procurar as metodoloxías lectoescritoras más axeitadas buscando unha coordinación internivel para que o paso de infantil a primaria sexa o máis doado e natural posible.
- Establecer estratexias variadas para a adquisición do hábito lector.
- Ter en conta as necesidades do alumnado neae ante as diferentes propostas, recursos, tempos...
- Manter rutinas claras no desenvolvemento de actividades concretas dentro do proxecto lector.
- Promover hábitos de lectura dentro das familias dende os primeiros anos.
- Fomentar unha colaboración más estreita coas familias nas actividades propostas dende a biblioteca escolar.
- Incrementar a colaboración coas Bibliotecas da nosa contorna, especialmente coa Biblioteca Municipal.
- Dende o equipo TIC, mellora do espazo dixital dentro da web do centro (inclusive aportación na Aula Virtual) que deixe pegada do PDI que se desenvolva anualmente.

**Obxectivos:****1-1 Crear e consolidar hábitos de lectura.**

- Achegar o libro ao alumno, posibilitándolle o descubrimento das riquezas que conteñen os libros, creando situacíons de necesidade de ler e escribir.
- Potenciar os valores que conleva toda a lectura activa, propoñendo a intervención e o protagonismo dos discentes, recreando, modificando textos, comunicando experiencias, colaborando en programas de animación.



- Provocar o interese polos libros en xeral, buscando sempre o dominio de todo tipo de lectura e escritura.
- Pór a disposición do alumnado técnicas e recursos para traballar e empregar calquera material bibliográfico co que se atope, creando oportunidades de ler e escribir textos moi diversos, cuns claros propósitos e cuns destinatarios definidos.
- Provocar o disfrute da lectura, así como a reflexión crítica, creando situacíons e ambientes nas clases e no centro que permitan a interacción entre os/as mestres/as, os/as lectores/as e os propios textos e que propicien unha maior riqueza na construcción de significados.

### ***1-2 Mellorar a comprensión lectora.***

Outro obxectivo é a mellora da comprensión lectora nun sentido amplio. Os nenos e nenas ao longo da Primaria deberán saber interpretar e manexar materiais moi diferentes. A biblioteca ofrece textos de variada tipoloxía: informativos, narrativos, poéticos, teatrais, periodísticos, cómic... Dende o rol do/a mestre/a deberase proporcionar aos/ás alumnos/as unha ensinanza eficiente da lectura e da escritura, unha lectura comprensiva para ler o mundo e para apropiarse da linguaxe, unha lectura como actividade emancipadora e vital que activa a intelixencia.

### ***1-3 Mellorar e apoiar a adquisición de competencias básicas e o desenvolvimento do currículo.***

A Biblioteca é un apoio fundamental na realización de proxectos documentais sobre temas das distintas árees e tamén no desenvolvemento de tarefas. O traballo por competencias e a transversalidade neste tipo de actividades é onde más se reflexa. Desde hai anos propóñense e realizanse proxectos que implican a toda a comunidade escolar. Utilizarase a biblioteca escolar integrándoa na práctica do centro e transformándoa nun centro dinamizador de actividades que afiancen e desenvolvan hábitos lectores, competencias escritoras e habilida-



des de autoaprendizaxe. Así mesmo, deseñaranse materiais de traballo e propostas para a promoción lectora (técnicas e estratexias para o fomento e desenvolvemento da lectoescritura e de habilidades de consulta, investigación, dirixidas a todo o alumnado de todos os niveis).

Deste xeito traballaranse, de modo moi concreto, as competencias básicas:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia en conciencia e expresións culturais.
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender
- Competencia emprendedora.
- Competencia Cidadá.
- Competencia Matemática, Ciencia e Tecnoloxía.
- Competencia plurilingüe.

#### ***1-4 Fomentar mediante a lectura un espíritu crítico no alumnado***

Este obxectivo é necesario retomalo constantemente. Dende a Biblioteca selecciónanse libros de calidade que axudan a formar e a educar en valores e que favorecen a formación dun espíritu crítico ante situacions da sociedade na que vivimos. A lectura exerce un importante papel na formación das persoas e por iso é moi importante ler libros que fagan pensar e aborden temas actuais.

#### ***1-5 Dar resposta á diversidade de alumnado e servir de compensación social e cultural.***

A biblioteca axuda a dar resposta á diversidade do alumnado e garantiza o acceso de todo o alumnado a recursos e servizos para compensar desigualdades culturais, sociais e económicas. A maioría dos/as nenos/as, se non fora pola biblioteca, non poderían ter acceso a moitos dos libros que len, xa que carecen de recursos. O profesorado ten como finalidade que, a biblioteca sirva para achegar a lectura aos/ás alumnos/as que por motivos económicos ou culturais non teñan



na casa unha biblioteca adaptada a súa idade, achegando todos os recursos disponibles a todo o alumnado do centro, co fin de evitar discriminacións por motivos socio-culturais. Polo tanto, convírtese nun recurso imprescindible para a integración de todos alumnos e alumnas do centro.

Procurarase ademais unha biblioteca inclusiva con maior presenza de equipamentos e materiais adaptados para acadar unha mellor atención á diversidade, ofrecendo recursos (textos adaptados, material multisensorial,etc) proporcionando as mesmas oportunidades para todo o alumnado do centro.

#### **1-6 Formar lectores que acadan autonomía na aprendizaxe.**

Búscase formar lectores competentes en calquera tipo de soporte, que o comprendan, que saibam sacar as ideas más importantes e o valoren dende unha perspectiva crítica.

Traballarase neste ámbito poñendo á disposición do alumnado técnicas e recursos para traballar e utilizar calquera material bibliográfico co que se atope, creando oportunidades de ler e escribir textos moi diversos, cuns claros propósitos e cuns destinatarios definidos. Este material estará presentado tanto en formato impreso, audiovisual ou multimedia, para a adquisición do hábito lector e para configurar unha comunidade de lectores polivalente. Ao mesmo tempo, fomentarase coa lectura un xeito de aprendizaxe autónomo.

## **2- ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA**

O espazo físico da biblioteca permite múltiples variacións en función das actividades que se queiran desenvolver nela. Tamén as aulas serven de espazos de lectura xa que todas elas contan con pequenas bibliotecas de aula que se abastecen da Biblioteca escolar (biblioteca distribuída).



Este curso continúase coa idea de reorganizar a biblioteca para dar cabida a diferentes zonas como a de xogos, a de Lego, recanto de títeres... ofrecendo así outra alternativa ao alumnado.

Clasificánse os libros por idades e temática para facilitar a búsqueda tanto aos mestres/as como aos/ás alumnos/as. Tamén diferénciase entre os libros de consulta e libros de lectura para o alumnado. O alumnado do centro terá unha hora semanal de visita á biblioteca para poder ler, buscar información ou traballar cos libros cos que dispón o centro. Esta hora está establecida no horario de cada aula e figura na porta de entrada da biblioteca para respectala en non ocupar a biblioteca con outras materias. Será impartida polo titor ou titora en cada clase, ou por outro mestre en caso de que o/a titor/a, pola súa especialidade, non dispoña de tempo no seu horario.

Tamén existe un tempo dispoñible de aproveitamento da biblioteca escolar, para os /as alumnos/as do centro, que é todas as tardes de 16:00 a 18:00 agás o martes e venres. Este curso compensarase a non apertura nestes dous días en horario de tarde coa apertura da biblioteca pola mañá, no tempo do recreo (marte e venres).

### 3- LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS

#### 1. En relación coa organización e xestión.

- Manter unha liña de Biblioteca conforme aos **obxectivos 2030 da ONU** para o desenvolvemento sustentable, que dea resposta ás necesidades informativas referidas a unha participación plena, activa e comprometida coa sociedade, marcando para este fin as posibilidades que ofrece a BE para o estudo, investigación e coñecemento das experiencias da contorna natural e social próxima (tema elexido para o PDI, que xa iniciamos o curso pasado) que permita a especialización do alumnado nese eido.



- Fixar alomenos unha sesión quincenal na que coincidan todos os membros do equipo e os coordinadores de Actividades Extraescolares e DLG, o que permite unha planificación conxunta das actividades a desenvolver.
- Continuar abrindo a biblioteca polas tardes (de 16h a 18h) cun profesor/a encargado/a por quendas e comezar coa apertura da mesma durante recreos (de 11,30 a 12,00). Organizar obradoiros polas tardes baseados nos intereses do alumnado ofertando actividades atractivas que poidan contribuír á dinamización da nosa biblioteca (construcións con Lego, robótica, xadrez,...).
- Continuar no asesoramento ao novo profesorado nas nocións básicas de **Koha**, e seguir coa formación en dita aplicación por parte do equipo da biblioteca. Dar prioridade ás labores de impresión e pegado de códigos de barras nos exemplares da nosa biblioteca para axilizar as tarefas de préstamo e devolución.
- Ampliar os fondos destinando aproximadamente un 60% aos libros e audiovisuais de carácter informativo e un 40% ó resto. Incorporar, na medida das posibilidades, libros electrónicos. Para esta ampliación de fondos contarase co 7% do orzamento do centro (ademas do que se poida recibir ao participar nesta convocatoria).
- Continuar coa colaboración da Comisión de Biblioteca no Consello Escolar e coa Biblioteca Municipal do noso Concello.
- Dar continuidade ao **deseño de markespaces** na biblioteca adaptándoo ás novas necesidades (espazo de xogo e construcción con Lego, robótica...) e ao laboratorio de comunicación (espazo de radio para a elaboración de produtos radiofónicos, informativos de orde escolar, noticieiros, reportaxes...)



- Crear un espazo de recordos, onde exporanse exemplares de libros de producción propia elaborados por alumnado do colexio. Encadernar en tapa dura os exemplares publicados en anos anteriores para que pasen a formar parte do apartado de producción propia.
- Continuar expoñendo nun lugar visible as novidades e os libros temáticos (o medo por Samaín, a paz, o amor, día da muller, exposición de temáticas segundo a PDI, ...); así como as bibliopatios temáticas como as que se veñen programando dende hai un par de cursos.
- Xestionar dende a Biblioteca Central todos os fondos, fundamentalmente os de carácter informativo, pero seguir dotando ás bibliotecas de aula mediante unha **biblioteca distribuída** de diferentes formatos de lectura mediante préstamos temporais para enriquecer e actualizar a hora de ler.
- Mercar fondos de consulta, en especial do mundo audiovisual. Tamén se priorizará a compra de libros expositivos/científicos doutros ámbitos así como de educación emocional/STEM/robótica e de colección de libros de lectura fácil accesibles para todo o alumnado.
- Crear as **maletas creativas** do centro incuíndo material STEAM (robots, lego, manual de programación, autoguías, instrucións de creación,...) para favorecer a competencia ALFIN e AMI no alumnado.

**2. En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamiento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvimento das competencias básicas do alumnado.**

- Como en anos anteriores, e sempre que o claustro o siga entendendo así, a biblioteca continuará sendo o eixe vertebrador da maioría das actividades que xirarán en torno a un **Proxecto Documental Integrado**, que o próximo curso será o medio social, dentro do proxecto "**Castreliza-T**", xa iniciado no curso 2021/22. Partindo deste tema



preténdese fomentar o traballo por proxectos a nivel de Centro. Elaborarse un cronograma que contemple os diferentes ámbitos da investigación así como a integración no proxecto das distintas celebracións (Samaín, Nadal, Entroido, Día da Paz, Día do Libro...)

- Continuar utilizando á **mascota da biblioteca "Castrelix"** como promotora de toda a actividade da biblioteca. Ela será a precursora para proponer os xogos, os certames literarios, exposicións, dará aviso das novedades, recomendacións de libros, etc.., así como de presentar frases acordes coas celebracións no recanto habilitado para tal fin.
- Proporanse actividades que desenvolvan as competencias clave, promovendo proxectos documentais nas aulas, en especial relacionados co tema interdisciplinar do PDI, dotando á biblioteca do material documental necesario sobre o tema.
- Promocionaranse os recursos da biblioteca a través do **blog**, que informará de novedades, incluirá recomendacións de lectura e publicitará todas as actividades que se estean a impulsar dende a biblioteca.
- Continuarase coa iniciativa das **mochilas viaxeiras**, dotándoas con recursos variados e motivadores (revistas científicas, libros para os pais/nais, libros de edición propia, contos, cd-libro, película, conto en inglés,) conseguindo que a través delas a biblioteca chegue ás casas de todos os nenos/as, contribuíndo deste xeito á compensación social.
- Continuar coa tan ben acollida iniciativa dos **clubs de lectura** en Primaria, e dos contacontos realizados por autores e polas familias en Infantil.



**3. En relación coa formación de usuarios e a adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamiento da información incluída na actual “competencia dixital”).**

- Formar ao alumnado e profesorado de nova incorporación ao principio de curso, dando unhas pautas básicas para unha correcta utilización da biblioteca, e editar unha guía de usuario.
- Participar nos programas de formación sobre biblioteca escolar que se oferten.
- Propoñer traballos documentais en datas sinaladas e conmemoracións.
- Preparar ao alumnado para a utilización de distintos tipos de formato de información: texto, audiovisual, multimedia..., así como de texto: expositivo, científico, argumentativo, entre outros posibles.
- Facer gravacións (documentais, reportaxes, entrevistas...), e elaborar produtos radiofónicos que permitan o tratamiento da información audiovisual, creando faladoiros, guións de radio, podcast, locucións, contos narrados, noticieiros.
- Dinamizar o apartado da biblioteca escolar do centro dentro da nosa páxina web ,incluíndo enlaces que faciliten a busca de información ao alumnado.
- Elaborar unha guía para axudar ao alumnado a buscar información en internet correctamente.

**4. En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do proxecto lector do centro (en materia de lectura, escritura, habilidades no uso, tratamiento e producción da información).**



- Promover a lectura, implicando ás familias, con actividades xa propostas en cursos anteriores, tales como a mochila viaxeira ou a figura do pai/nai ou avós como contacontos, ou conto colectivo.
- **Continuar coa hora de ler**, 20 minutos diarios despois do recreo, facilitando recursos ao profesorado. Dotarase ás bibliotecas de aula de todo tipo de formatos: revistas, xornais, folletos, libros (contos, poesía, narrativa, teatro...). Fomentarase o intercambio de fondos propios para compartir a lectura dos mesmos. Favorecerase a posta en práctica de diferentes fórmulas que deriven nun maior compromiso do alumnado coa súa formación como lectores críticos: lectura silenciosa, sostida, lecturas guiadas, lecturas por parella, técnicas de lectura compartida, proxectos arredor dun libro...
- Seguir utilizando as propostas dos itinerarios lectores por cursos, recollidos no plan anual.
- Entendendo que a lectura e a escritura van parellas, xa que é a través da escritura como se desatan os mecanismos de lectura, continuaránse organizando certames de escritura creativa (a factoría das palabras e das historias, creando noticias disparatadas, anécdotas, instrucións,...), traballos puntuais de titorías partindo dos libros de carácter documental de biblioteca (extraer ideas, resumos, lecturas comprensivas,...), elaboración de libros de editorial propia, etc.
- Organizar actividades de animación á lectura como os "Picnic de contos" cando as condicións climatolóxicas o permitan.
- Continuar realizando actividades de recomendacións lectoras entre o profesorado e buscar novas propostas para levala a cabo entre o alumnado.



- Revisar e actualizar anualmente o Proxecto Lector (con propostas que se van incorporando progresivamente como definitivas no centro) e o Plan anual de lectura.
- Convidar a un ilustrador/a ou autor/a traballado nalgún Club de lectura.
- Organizar alomenos un café literario cada trimestre entre profesorado para intercambiar impresións dun libro determinado.

## 5. En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva.

- Incorporar o préstamo dixital empezando polo alumnado de 5ºEP e 6º EP xa que poden acceder a este a través de Edixgal. Mercar libros electrónicos para que o resto do alumnado poida ter acceso á plataforma priorizando os que se atopen en situación máis desfavorecida.
- Continuar adquirindo audiolibros de contos tradicionais, fondos bibliográficos con pictogramas, libros de lectura fácil (tipografía sinxela más fácil de ler, linguaxe sinxelo...) que permita a accesibilidade a todo o alumnado con independencia das súas capacidades e/ou necesidades educativas.
- PADRIÑOS E MADRIÑAS LECTORAS. Estratexia que se empregará para o fomento da competencia lectora entre alumnado internivel.
- BIBLIOPATIO. Continuar coa organización desta actividade que se realizará unha vez á semana e será responsabilidade do grupo de 4ºEP.

## 6. Outras actuacións.

- Continuar a darrle forma ao "recuncho de lectura para as familias" na entrada/hall do colexiо, para fomentar a integración dos pais e nais na



biblioteca da escola. Este espazo compoñerase de lecturas sobre educación, igualdade, estilos educativos familiares, educación afectivo-sexual, recomendacións...

- Continuar ampliando os fondos dirixidos ás familias, oídas as súas peticións de interese ou necesidade, así como do profesorado, e en concreto do D.O., en relación ao apoio as titorías, ao estudio ou á atención á diversidade.
- Continuar coa coordinación de actividades e lecturas para o fomento do uso da lingua galega, en colaboración co equipo de DLG.

A modo de conclusión destas liñas prioritarias, dicir que se continuará con todas as iniciativas levadas a cabo ata o momento que realmente alcanzaron os obxectivos propostos e ademais, intentarase mellorar o Proxecto Documental Integrado animando a que cada aula realice proxectos relacionados co coñecemento da nosa contorna e intentarase fomentar o uso das novas tecnoloxías e uso de libros dixitais. Como aspectos prioritarios destacaremos:

- Que as liñas de actuación se adapten á realidade do centro e da comunidade educativa.
- Que as actividades de animación á lectura sexan significativas para o alumnado.
- Que se implique a toda a comunidade de maneira real e efectiva.

## 4- SECCIONES

En todas as aulas están creadas bibliotecas de aula que dependen en boa parte da biblioteca do colexio. Estas pequenas bibliotecas utilizanse para levar a cabo o tempo de ler que se fai vinte minutos despois do recreo. Normalmente o profesorado e os/as alumnos/as seleccionan uns libros que se levan en préstamo



durante o tempo necesario e que unha vez lidos devólvense á biblioteca e son cambiados por outros.

Tamén hai aulas nas que os/as profesores/as crean pequenas seleccións bibliográficas sobre temas de ciencias sociais e naturais ou calquera outra temática que se estea a traballar. Estas seleccións axudan a complementar e profundizar nos contidos.

Nas aulas de infantil, tamén se leva a cabo o préstamo cada semana, será preciso renovar alomenos algunha colección xa que están algo deterioradas. Buscaranse contos con letra maiúscula para a aula de 6º de Ed. Infantil co fin de promover a lectura dun xeito autónomo.

## 5- RUTINAS DE LECTURA

No colexio xa dende hai bastantes anos realizanse actividades sistemáticas enfocadas á consolidación do hábito lector entre o alumnado.

Diariamente hai un tempo asignado á lectura. Ademais das lecturas que normalmente se fan nas distintas clases, despois do recreo todo o colexio fai a HORA DE LER durante vinte minutos.

O tempo de ler non se adica sempre a ler libremente un libro, senón que nalgúns ocasións emprégase para facer actividades de lectura compartida.

Unha actividade de lectura de lectura compartida que ten moito éxito entre os nenos son os APADRIÑAMENTOS LECTORES. Nesta actividade participan alumnos de distintas idades. Os alumnos maiores repártense e cada un lle un conto a outro máis pequeno. Selecciónanse libros que se colocan en expositores móbiles. É moi interesante observar a motivación e o esforzo que poñen os maiores por ler ben para captar a atención dos máis pequenos.

Outra actividade de lectura compartida que se realiza é a lectura en parellas. Esta modalidade faise cando un grupo escolle para tempo de lectura un



mesmo libro ou ben cando se le un xornal. Os/as nenos/as comparten un exemplar e len xuntos. É interesante tamén de cara a comentar e intercambiar opinións sobre o lido .

Este curso, dende o equipo da biblioteca, proporase unha guía para utilizar na Hora de ler onde cada titor/a poderá adaptar estas propostas aos días que mellor lle conveñan segundo a materia que teñan na cuarta hora.

DÍA 1	DÍA 2	DÍA 3	DÍA 4	DÍA 5
<b>Prensa</b> Xornal (La voz de la escuela e otros) Papagaio	<b>Lectura en voz alta do profesor/a</b> aos alumnos/as de un libro por capítulos	<b>Recomendacións lectoras</b> entre alumnado/ recomendación do libro favorito/ presentación de <b>novedades</b> por parte do profesorado (Cada alumno/a fará como mmínimo unha recomendación ao mes)	<b>Lectura individual</b> en silencio	A cargo dos <b>especialistas</b> que terán varias opciones: - Lectura de libros en inglés - Ver unha curtametraxe para comentar - Escoitar unha canción para traballar posteriormente - Escoitar un programa de radio para comentar (relacionado cunha asignatura, conmemoración..)

## 6- RECURSOS HUMANOS

Todo o profesorado colabora nas actividades propostas para o fomento da lectura. O equipo de dinamización da biblioteca informa, propón ideas, organiza actividades e logo exponlo ao resto do profesorado nas reunións dos martes pola tarde. Nelas trátanse outros moitos temas da vida do centro que téntase entrelazar cos obxectivos da biblioteca para conseguir que non sexa un obxectivo propio das linguas, senón algo que se relaciona con todas as materias que se traballan no centro.

O Equipo de Dinamización da Biblioteca ten como responsable a M<sup>a</sup> Teresa Güimil Barreiro, cunha asignación horaria de catro sesións semanais. O equipo



está constituído por un total seis persoas representantes de cada ciclo presente no centro. Excepto unha, todos os colaboradores teñen dúas sesións dentro do seu horario para adicarlle ao traballo da biblioteca. Este equipo reúnese periodicamente para planificar todas as accións para o desenvolvemento da planificación da biblioteca. Sen embargo, sinalar que todo o claustro está implicado nas actividades da biblioteca, non só na súa posta en práctica senón tamén na aportación de ideas, suxerencias, opinións...

## 7- ITINERARIOS LECTORES

Durante este curso escolar, proponse a adquisición de varios volumes de determinados libros que se consideraron axeitados e motivadores e podían dar xogo para os obxectivos que se recollían como prioritarios.

A isto, engádenselle unha serie de títulos recomendados por idades para traballar en cada aula ou para incorporar á mochila viaxeira, segundo as preferencias de cada titor/a.

TÍTULO	AUTOR-AUTORES	EDITORIAL
<b>INFANTIL</b>		
<i>Cocorico</i>	Marisa Núñez	OQO
<i>O polo Pepe</i>	Nick Denchfield	SM
<i>O monstro de cores</i>	Anna Llenas	Flamboyant
<i>A eiruga larpeira</i>	Eric Carle	Kalandraka
<i>Adiviña cánto te quero</i>	Sam Mc Bratney/Anita Jeram	Kókinos
<i>Libro de contar</i>	Pep Bruno	OQO
<i>OH!</i>	Josse Goffin	Kalandraka
<i>Sr Ramón e Sra. Ramona</i>	Beatriz Montero	OQO



<i>Os tres porquiños</i>	Xosé Ballesteros Rei	OQO
<i>Imos cazar un oso</i>	Michael Rosen/Helen Oxenbury	Kalandraka
<i>Tres osos</i>	Marisa Núñez	OQO

TÍTULO	AUTOR-AUTORES	EDITORIAL
<b>1º E 2º CURSO</b>		
<i>Contos de ratiños</i>	Arnold Lobel	Kalandraka
<i>Sopa de rato</i>	Arnold Lobel	Kalandraka
<i>O porquiño</i>	Arnold Lobel	Tras os montes
<i>Días con Sapo y Sepo</i>	Arnold Lobel	Santillana
<i>Chocolata</i>	Marisa Nuñez/Helga Bansch	OQO
<i>Nadarín</i>	Leo Lionni	Kalandraka
<i>Donde viven os monstros</i>	Maurice Sendak	Kalandraka
<i>A galiña roxa</i>	Pilar Martínez	Kalandraka
<i>Sapo y Sepo un año entero</i>	Arnold Lobel	Harper
<i>Cando a terra esqueceu xirar</i>	Fina Casalderrey	SM
<i>Orelas de volvoreta</i>	Luisa Aguilar	Kalandraka
<b>3º E 4º CURSO</b>		
<i>El superzorro</i>	Roald Dahl	Loqueleo
<i>No corazón do bosque</i>	Agustín Fernández Paz	Xerais
<i>O misterio dos fillos da Lúa</i>	Fina Casalderrey	SM



<i>Caperucita roja, verde, amarilla, azul y blanca</i>	Bruno Munari	Anaya
<i>Animais fantásticos</i>	Jose Jorge Letria	Demademora
<i>A formiga coxa</i>	Marilar Aleixandre	Xerais
<i>A galiña azul</i>	Carlos Casares	Árbore
<i>Contos para nenos que dormen deseguida</i>	Pinto y Chinto	Kalandraka
<i>Aurelio tiene un problema gordísimo</i>	Fernando Lalana/J.M. Amárcegui	SM
<i>Un tren cargado de misterios</i>	Agutín Fernández Paz	Anaya
<i>Charlie y la fábrica de chocolate</i>	Roald Dahl	Loqueleo

**5º E 6º CURSO**

<i>Ojo de nube</i>	Ricardo Gómez Gil	SM
<i>Ás de mosca para Anxo</i>	Fina Casalderrey	Xerais
<i>Contos por teléfono</i>	Gianni Rodari	Kalandraka
<i>Contos por palabras</i>	Agustín Fernández Paz	Xerais
<i>A cociñeira defunta</i>	Ledicia Costas	Xerais
<i>Palabras de caramelos</i>	Gonzalo Moure	Anaya
<i>Matilda</i>	Roald Dahl	Loqueleo
<i>A avoa gánster</i>	David Williams	Sushi books
<i>James y el melocotón gigante</i>	Roald Dahl	Loqueleo
<i>Caravela</i>	Paula Carballeira	Xerais
<i>La lección de August</i>	Raquel Palacio	Alfred A. Knopf
<i>Invisible</i>	Eloy Moreno	Nube de tinta



## 8- ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORALIZADAS

### En relación coa xestión da biblioteca:

- Constituir o **equipo de dinamización** da biblioteca .
- Iniciar as **reunións** para coñecer necesidades, unificar estratexias de animación á lectura, planificar conxuntamente...
- Repartir as tarefas entre o profesorado deste equipo: a catalogación, a montaxe das exposicións, a confección e deseño de carteis, forrado de libros, elaboración de carnés, adquisición de fondos, proposta e programación de actividades...sendo prioritario xerar e colocar códigos de barras a cada exemplar para facilitar o empréstito e a devolución dos libros.
- Fixar as **horas de utilización da biblioteca** por parte das tutorías. Cada clase ten asignada unha sesión semanal para biblioteca. Nesta sesión faise o préstamo de libros e tamén aproveítase para facer actividades diferentes das que se realizan na aula. O horario ten bastante flexibilidade xa que se coincide que a biblioteca está libre calquera curso pode utilizala en función das súas necesidades.
- Catalogar os **fondos bibliográficos** adquiridos ao final do curso anterior que foron reservados para expoñer como novedades no comezo do curso seguinte como reclamo da atención e animación á lectura. Esta actividade de catalogación manterase ao longo do curso en función das novas adquisicións.
- Elaborar unha **lista de libros** para adquirir segundo as necesidades. Valórase os libros que tiveron máis éxito, os que teñan máis utilidade cara a reforzar contidos, as novedades editoriais, necesidades das áreas e/ou profesorado...
- Continuar co **expurgo** se fora necesario xa que pode haber algúun libro que polo seu formato xa non resulta motivador e os/as nenos/as non demandan a súa lectura. Tamén pode darse o caso que o equipo de biblioteca valore se un libro é axeitado ou non e decida si o retira ou incorpora na biblioteca.



- Formación do alumnado voluntario encargado da xestión da Bibliopatio.
- **Dotar de recursos** aos/as titores/as como carnés ou outros materiais para ter acceso á biblioteca e para rexistrar as lecturas realizadas.

### En relación co fomento do hábito lector:

- Faranse propostas de diferentes **itinerarios lectores** adaptados a cada curso servindo de referente para traballar en aula ou para enviar nas mochilas viaxeiras.
- Poranse en marcha **as mochilas viaxeiras**, con materiais de diversa índole que favorezca a lectura compartida en familia. (*Este curso sairán os venres e voltarán os xoves da semana seguinte*), e ampliarase a oferta de libros incluíndo un exemplar para as familias, neste caso, libros de producción propia elaborados polos antigos alumnos do centro, que son na actualidade pais/nais de alumnado do centro.
- Faranse **exposicións de libros** sobre distintos temas e centros de interese relacionados con datas significativas, sobre o Samaín, o Nadal. Tamén exposicións das novidades nos expositores preparados para tal fin.
- Porase en marcha a **bibliopatio**, que sairá ao exterior no tempo do recreo, alomenos unha vez por semana, ésta terá unha temática acorde coas celebracións que correspondan nese mes (Samaín, 25N, Nadal, Paz, Semana da prensa,etc)

*Neste curso continuarase potenciando a bibliopatio dándolle saída cada día nunha zona habilitada para o seu uso. Tamén se aproveitarán os días de choiva nos que non poidan saír a fora para poñela no corredor a disposición do alumnado de EP. No caso das exposición, decorarase a bibliopatio en función das diferentes temáticas que vaian surxindo ao longo do curso, serían deste xeito exposicións itinerantes.*



- Dende a biblioteca proporase a actividade: **apadrinamentos lectores.** *Po demos proponer por unha banda, a realización desta actividade entre alumnado de diferentes aulas, e por outra, a elección dun conto para dramatizarlle ó resto de alumnos/as no salón de actos, preferentemente durante a Hora de ler.*
- Faranse as **recomendacións lectoras** no tempo de Nadal, incluíndo algúns xogo e títulos para as familias e no último trimestre de cara ás vacacións de verán. Éstas publicaranse no blog e na páxina web do centro.
- Estudarase a maneira de que os nenos e nenas fagan recomendacións lectoras entre eles/as, unha posibilidade sería gravando un vídeo en cada aula que despois se compartiría coas demais clases (**booktuber**).
- Habilitarse un espazo na sala de profesores para facer suxerencias e recomendacións de libros interesantes de carácter didáctico.
- Dende o equipo de biblioteca continuarase potenciando a biblioteca de aula, dando a posibilidade de ter un número determinado de libros para consulta ou para empréstito.(máximo de 20 libros que poderán renovar cada mes previo rexistro no programa Koha).
- Seguir utilizando **o recuncho de Castrélix** poñendo frases relacionadas coas celebracións correspondentes a cada semana ou con algúns tipo de mensaxe dunha temática concreta.
- Organizar algúns **café literario** entre o profesorado do centro para falar, debater, comentar... aspectos relacionados cun libro elixido polo equipo de biblioteca. Esta actividade será voluntaria e estudiarse a posibilidade de convidar a outros profesores, familias ou outros colectivos de interese.
- Deseñar algunha sesión de **Contacontos** na biblioteca para alumnado dunha clase, ben a cargo dos/as propios/as alumnos/as ou ben a cargo de profesionais.
- Mellorar a **zona de lectura para familias** poñendo algúns títulos que sexan de seu interese.



- Valorarase a implementación do **préstamo dixital** priorizando o alumnado de 5ºEP e 6ºEP por ser este más accesible a través da plataforma Edixgal.
- Levaranse a cabo **dinámicas que provoquen a interese pola lectura** como: "O horto dos libros", ao estilo das realizadas con anterioridade "Cemiterio de contos".
- Continaremos realizando **Picnic de contos** cando a climatoloxía o permita, e valorando a posibilidade de invitar ás familias a que colaboren en dita actividade.

### En relación coa organización

- Levar a cabo o **proxecto** co tema elexido "Castrelízate" dando a posibilidade a cada curso de abrir varias liñas de investigación segundo os seus propios intereses.
- Relacionar as **celebracións** que marca o calendario escolar co PDI na medida do posible dandolle así máis sentido á actividade escolar.

Estas propostas se concretan no **cronograma de actividades da biblioteca** que sería o seguinte:



1º trimestre			2º trimestre			3º trimestre		
ACTIVIDADES DENDE BIBLIOTECA			ACTIVIDADES DENDE BIBLIOTECA			ACTIVIDADES DENDE A BIBLIOTECA		
ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLES	ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLES	ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLES
Itinerarios lectores	Setembro	Equipo Biblioteca	Concurso literario/concurso de retos propostos por Castrélix	Ó longo do 2º trimestre	Equipo de biblioteca	Preparación Semana do Libro	Primeira quincena do mes de abril	Equipo de Biblioteca
Mochilas viaxeiras	Comeza en outubro ata maio	Titores-suxestións equipo Biblioteca	Mochilas viaxeiras	Todo o trimestre	Titores-suxestións equipo Biblioteca	Mochilas viaxeiras	Ata finais de maio	Titores-suxestións equipo Biblioteca
Carné/pasaportes lectores/lectómetros	A partir de outubro	Titores	Carné/pasaportes lectores/lectómetros	Todo o trimestre	Titores	Carné/pasaportes lectores/lectómetros	Todo o trimestre	Titores



Constituir equipo de voluntariado de 5º e 6º	Outubro	Equipo de Biblioteca e tutores 5º e 6º	Cafés literarios	Durante o trimestre	Equipo de Biblioteca	Visita de ilustrador/a, escritor/a...	Ó longo do trimestre (preferiblemente en torno á data do Día do Libro – 23 de abril)	Equipo de Biblioteca
Formación de usuarios (tutores e alumnado)	Durante o 1º trimestre (hora de Biblioteca)	Equipo de Biblioteca e tutores				Xornada de Portas Abertas	Mes de xuño	Dirección- todo o claustro e todo o alumnado
Bibliopatio	Unha vez á semana a partir de outubro	Equipo de Biblioteca e profesorado de garda de recreo	Bibliopatio	Unha vez á semana a partir de outubro	Equipo de Biblioteca e profesorado de garda de recreo	Bibliopatio	Unha vez á semana a partir de outubro	Equipo de Biblioteca e profesorado de garda de recreo
Padriños lectores	Un par de veces ó trimestre (sempre que o tempo o permita e previo aviso ó claustro)	Alumnado e suxestións do Equipo de Biblioteca	Padriños lectores	Un par de veces ó trimestre (sempre que o tempo o permita e previo aviso ó claustro)	Alumnado e suxestións do Equipo de Biblioteca	Padriños lectores	Un par de veces ó trimestre (sempre que o tempo o permita e previo aviso ó claustro)	Alumnado e suxestións do Equipo de Biblioteca
Contacontos	Ó longo do trimestre	Alumnado/outros	Contacontos	Ó longo do trimestre	Alumnado/outros	Contacontos	Ó longo do trimestre	Alumnado/outros
Recomendacións lectoras para o Nadal	Decembro	Equipo de Biblioteca				Recomendacións lectoras para o verán	Xuño	Equipo de Biblioteca



Publicacións das actividades no blogue do centro	Sempre que sexa necesario	Equipo TIC	Publicacións das actividades no blogue do centro	Sempre que sexa necesario	Equipo TIC	Publicacións das actividades no blogue do centro	Sempre que sexa necesario	Equipo TIC
Exposiciones na Biblioteca	Durante todo o trimestre	Equipo de Biblioteca	Exposiciones na Biblioteca	Durante todo o trimestre	Equipo de Biblioteca	Exposiciones na Biblioteca	Durante todo o trimestre	Equipo de Biblioteca
<b>PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO (PDI)</b>			<b>PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO (PDI)</b>			<b>PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO (PDI)</b>		
ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLES	ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLES	ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLES
Organización traballo PDI	Setembro- primeira quincena de outubro	Equipo de Biblioteca	Investigacións do proxecto	Todo o trimestre	Titorías	Exposiciones orais sobre o investigado na PDI	Ó longo do trimestre	Titorías e/ou especialidades
Presentación do PDI	No Día das Bibliotecas Escolares (24 de outubro ou día lectivo posible)	Equipo Biblioteca						



Inicio das investigacións do proxecto	Novembro-Decembro	Tutores e especialistas						
Selección de lecturas do proxecto	Outubro- Novembro	Equipo de Biblioteca						
Crear espazo para o Proxecto	Outubro	Equipo de biblioteca						



### Cronograma de actividades do PDI:

#### TÍTULO DA PDI: CASTRELIZA-T.

#### PUNTO DE PARTIDA: Coñecendo a túa contorna.

- Profesións: mariscadoras, redeiras, pescadores, mariñeiros, bateeiros, traballadores dos asteleiros, adegueiros, viticultores, agricultores, pintores e escultores da zona.
- Lugares: bodegas, piscifactorías, invernadoiros, conserveiras.
- Artes de pesca, tipos de embarcacións
- O campo, aparellos, maquinaria
- Construcións: pontes, muiños, fontes, cruceiros, igrexas, telleiras

#### 1º TRIMESTRE

SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO
INVESTIGACIÓN			
Proceso da vendima, profesións, industria, construcións			
CONMEMORACIÓN			
-		11/11 Magosto	3/12 Discapacidade (Barreiras na contorna)
-	22/10 Ensino	20/11 Infancia Programa de radio/entrevistas aos avós	6-8/12 Constitución Estatuto de autonomía



-	24/10 Día da Biblioteca	25/11 Violencia de Xénero	10/12 Dereitos Humanos
-	29/10 Samaín Cabazas con elementos na- turais	Mes da Ciencia Experimentos	23/12 Nadal Cantar as xaneiras pola parroquia
<b>SAÍDAS</b>			
Por concretar (bodega, depuradora, mariscadoras...)			

## 2º TRIMESTRE

XANEIRO	FEBREIRO	MARZO
<b>CONSOLIDACIÓN</b>		
Profesiós, industria, contrucións		
<b>CONMEMORACIÓNS</b>		
24/01 Educación	02/02 Humedais	06-10/03 Semana da prensa
-	11/02 Semana da Nena e Ciencia (biólogas da piscifactoría)	08/03 Muller (Modesta e outras)
30/01 Paz	20/02 Entroido Disfraces de oficios tradicionais)	15/03 Dereitos do consumidor



	24/02 Rosalía Poemas das festas	
<b>SAÍDAS</b>		
-	-	-

### 3º TRIMESTRE

ABRIL	MAIO	XUÑO
<b>PRODUCTO FINAL</b>		
Herbario, Libro de Aves, Programa de Radio, Etiquetado (árbores), vídeos		
<b>CONMEMORACIÓNS</b>		
02/04 TEA	02/05 Día Mundial Acoso Palabras bonitas en galego	03/06 Día da bicicleta
07/04 Saúde (Receitas con productos de temporada da con- torna)	09/05 Día de Europa Emigrantes de Cas- trelo	05/06 Medio ambiente Cartel para recollida de lixo na costa
17-21/04 Semana do Libro	15-19/05 Día das Letras Galegas 1º Romaría en Castrelo	08/06 Océanos
Por concretar Actividade Física na Rúa	28/05 Día do Xogo Xogos populares	-
<b>SAÍDAS</b>		



Invernadoiro, Miradores Aves, Catamarán / Bateas, Ruta Bicicleta, Piraguas

## 9- LER EN FAMILIA. ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS

A colaboración das familias e básica para crear un ambiente lector libros. Tratarase de que a implicación sexa máis ampla animando a que sexan os seus pais e nais quen impulsen aos/ás nenos/as a acudir a biblioteca, a participar nos concursos propostos desde o colexio ou outras entidades; co seu exemplo, comprando libros, lendo na casa, axudándolles na realización de traballos plásticos ou literarios propostos desde o colexio.

Implicarse ás familias solicitando a súa participación en distintos ámbitos da realización dos proxectos, ben sexa para recadar información ou para axudarlles e animarlles ou para participar nalgunha actividade do centro. Tamén promoverase a utilización de mochilas viaxeiras e as recomendacións lectoras nas que haxa materiais que poidan ser axeitados tanto para os nenos como para outros membros da familia.

Buscaranse estratexias de animación á lectura como:

- Suxerir ou proporcionar materiais que poidan ser do seu interese.
- Invitar ás familias a que utilicen o recuncho de lectura argallado para elas, poñendo lecturas en diferentes formatos.
- Orientar para que consigan un ambiente familiar favorable á lectura.

## 10- SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

Coa pretensión de conseguir os obxectivos propostos na elaboración deste plan, é preciso revisar constantemente todos os aspectos implicados (recursos materiais e humanos, métodos empregados, organización de espazos e tempos...)



e a maneira de facelo será a través da avaliação. Esta avaliação debe ser cuantitativa e cualitativa, e debe propiciar que todos os sectores implicados manifesten as súas opinións, valoracións...a través de enquisas, encontros, reunións...que permitan reflexionar e tomar novas medidas para mellorar.

*Como instrumentos de avaliação:*

- Observación directa do alumnado na realización das actividades.
- Enquisas entre o profesorado, alumnado e comunidade educativa.
- Estatísticas do servizo de préstamo para avaliar os intereses dos/as alumnos/as.

*Como aspectos a avaliar,* teranse en conta varios datos recollidos de todos os membros implicados:

	<i>Acadado</i>	<i>Parcialmente acadado</i>	<i>Non acadado</i>
<b>PROFESORADO</b>			
Existe un bo grado de implicación e compromiso por parte dos diferentes equipos creados			
Colabórase e trabállase con outros equipos: TIC, EDLG, extraescolares...			
Utilízanse dunha maneira óptima e racionalizada os recursos bibliotecarios			
Inclúense as propostas do uso da biblioteca escolar nas programacións de aula			
O PDI aparece reflectido nos contidos curriculares de cada nivel			



	<i>Acadado</i>	<i>Parcialmente acadado</i>	<i>Non acadado</i>
Aumentou a participación nas actividades complementarias e extraescolares organizadas dende a biblioteca nun 40%			
Realizáronse consultas ao equipo en torno a materiais para o fomento da lectura, estratexias de comprensión lectora, bibliografías...			
Utilízanse os recursos que ofrece a biblioteca escolar			
Hai unha participación dun 80% nas actividades propostas dende a biblioteca			
<b>ALUMNADO</b>			
Aumentou o índice de lectura e hábito creado nun 30%			
Aumentou o servizo de préstamo nun 20%			
Hai un maior uso da biblioteca en horario lectivo			
Hai un maior uso da biblioteca en horario non lectivo			
Hai un bo grado de autonomía e participación nas actividades e no uso das instalacións			
Utilízanse os recursos das seccións documentais de aula e da biblioteca			
Hai unha participação dun 80% nas actividades propostas dende a biblioteca			



	<i>Acadado</i>	<i>Parcialmente acadado</i>	<i>Non acadado</i>
Lévase a cabo a hora de ler utilizando diferentes tipoloxías de textos			
<b>FAMILIAS</b>			
Existe unha colaboración regular coa biblioteca			
Hai unha colaboración da ANPA coa biblioteca			
Hai unha achega de recursos humanos e materiais axeitada			
<b>PDI</b>			
As actividades son axeitadas			
A organización foi axeitada			
A temporalización foi correcta e anticipada con marxe suficiente			
Hai un bo grao de implicación no proxecto dende os diferentes niveis do centro			
Acadouse o produto final previsto			
<b>COMUNIDADE EDUCATIVA</b>			
Hai boa dispoñibilidade para facilitar medios, instalacións, infraestruturas así como aportacións ao longo do curso en recursos materiais e humanos			
Colabórase regularmente coa Biblioteca municipal e outras Bibliotecas da contorna			
Hai unha boa resposta ante as peticóns e invitacións formuladas polo equipo de biblioteca			

